

PROGRAMACIÓN ANUAL EDUCACIÓN FÍSICA

ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA (2º-4º-6º)

CURSO ACADÉMICO 2022-2023

CEIP ALFREDO BRAÑAS – PAIOSACO (A LARACHA)

Mestre: Iván Barrós Álvarez

INDICE DE CONTIDOS

- 1- Presentación-xustificación da programación.**
- 2- Características do Centro e do seu entorno.**
- 3- Obxectivos.**
- 4- Competencias clave.**
- 5- Contidos.**
- 6- Avaliación**
 - a. Criterios de avaliación.**
 - b. Estándares e resultado de aprendizaxe avaliáveis.**
 - c. Función da avaliación. Momentos avaliativos.**
 - d. Criterios de calificación.**
- 7- Metodoloxía.**
- 8- Atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.**
- 9- Concreción para cada un dos cursos de Educación primaria.**
- 10- Normas da área de EF sobre o uso das instalacións, vestiarios, material deportivo... e outras normas de carácter xeral.**

ANEXO COVID-19

- Normas da área de EF sobre o uso das instalacións, vestiarios, material deportivo... e outras normas de carácter xeral.**
- Traballo telemático.**

1- PRESENTACIÓN-XUSTIFICACIÓN

Hoxe en día, ao falar de educación física, aínda a moita xente lle ven á cabeza o pensamento equivocado de que a nosa área é algo intrascendente ou simplemente lúdico, afastándoa do aspecto emocional, afectivo, social e especialmente do aspecto cognitivo. Nos últimos tempos e como consecuencia da demanda social, pasouse a valorar un pouco máis a importancia da actividade física. Aínda así a separación entre o físico e o intelectual segue a oprimir, cando está totalmente demostrado que nas idades de crecemento e desenvolvemento o aspecto psicomotriz é a base da formación integral da persoa.

Por outra parte, a área de Educación Física permite xustificar a súa inclusión no currículo apoiándose noutras áreas: conceptos como a lateralidade, adquisición de relacións topolóxicas básicas, estruturación do esquema corporal ou estruturación do ritmo comportan unha facilitación da aprendizaxe da lectoescritura. Ou en matemáticas, onde previamente á adquisición do cálculo, trabállanse sucesións a través da execución axeitadamente ordenada no tempo de movementos coordinados.

Polo tanto, a Educación Física é unha materia fundamental dentro do Currículo na etapa Primaria, aportando elementos indispensables para a consecución dos obxectivos xerais da Etapa. Nembargantes, e a pesares destas xustificacións, a riqueza da área de Educación Física fai que non sexa necesario desviar a súa importancia cara outras áreas.

A Educación Física contribuirá á consecución de diversos fins educativos na Etapa de Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas, mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas, lúdica e de movemento. Nesta Etapa e tomando como eixes básicos da acción educativa nesta área o corpo e o movemento, tratarase de dotar aos alumnos/as do maior número de patróns motores posibles, realizando as aprendizaxes a través de situacións de xogo, que nestas idades contribúe á aprendizaxe espontánea dos nenos/as.

A ensinanza da Educación Física vai facilitar que cada alumno/a chegue a comprender o seu propio corpo e posibilidades, e a coñecer actividades físicas e deportivas, de xeito que, no futuro, poida escoller as máis axeitadas para o seu desenvolvemento persoal, axudándoo/a a adquirir coñecementos, destrezas, actitudes e hábitos que lle permitan mellorar as condicións de vida e saúde, gozando e valorando o movemento como medio de enriquecemento e pracer persoal e de relación cos demais.

2- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO SEU ENTORNO

O entorno: as características do alumnado do centro en función dos aspectos socioculturais e económicos que rodean as súas familias pódense atopar no PEC (Proxecto Educativo do Centro). Como aspecto a destacar cómpre dicir que son moitos os nenos e nenas que están a chegar ao centro nestes últimos cursos procedentes, sobre todo, de Marrocos. Isto deberá ser tido moi en conta, non só pola problemática que poida derivarse dunha maior ou menor dificultade na comunicación por problemas da lingua, senón sobre todo pola especial dificultade de adaptación ao grupo, ao pobo e á sociedade en xeral con que se van atopar estes novos alumnos/as. Desde a área de Educación Física podemos facer moito por axudarlles a unha mellor integración cos seus compañeiros da clase, a través de actividades onde imperen a cooperación, o traballo en equipo, o respecto, a confianza...

O Centro: No centro impártense os niveis de ensinanza de Educación Infantil (tres unidades na actualidade) e de Educación Primaria (consta de 1 liña: total 6 cursos).

A instalación coa que conta o centro para impartir a área de Educación Física é un pavillón polideportivo cuberto. Atópase dentro do recinto do colexio e a non moita distancia das aulas.

Recursos materiais do centro: ver inventario de EF.

3- OBXECTIVOS

O Decreto 105/2014, do 4 de Setembro, establece 15 obxectivos de Educación Primaria no seu artigo 3. Dende o área de Educación Física contribuímos en maior ou menor medida ao logro por parte dos alumnos de todos os obxectivos xerais de etapa.

Consideramos que os obxectivos de Etapa máis relacionados co área de Educación Física son os seguintes:

- 1- k: "Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o su propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferencias e utilizar a Educación Física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social".
- 2- b: "Desarrollar hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como en actitudes de confianza en ti mesmo, sentido crítico, iniciativa personal, curiosidade, interese e creatividade no aprendizaxe e espírito emprendedor".
- 3- m: "Desarrollar as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria a violencia, aos perxucios de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual".

Partindo de estes obxectivos xerais de etapa e das características do grupo de alumnos aos que vai dirixida, elaboramos os obxectivos de Educación Física para a Etapa de Primaria para o noso colexio.

Os obxectivos son:

1. Tomar conciencia da mobilidade do eixo corporal e dos diferentes segmentos, realizando movementos coordinados.
2. Valorar o xogo como medio de relación cos demais.
3. Consolidar hábitos de limpeza e hixiene persoal de forma autónoma.
4. Respetar as medidas de seguridade necesarias para evitar posibles accidentes en Educación Física.
5. Considerar o grado de esforzo realizado nas tarefas e non soamente o resultado obtido.
6. Resolver problemas motrices utilizando as habilidades motrices básicas.
7. Axustar as diferentes capacidades perceptivo-motrices aos requerimentos específicos das actividades plantexadas.
8. Percibir correctamente as dimensións espacio-temporales de diferentes movementos corporales favorecendo o axuste das accións.
9. Participar con agrado, sen establecer diferencias de sexo, raza e carácter cos demais compañeiros en calquera tarefa proposta.
10. Respetar as normas de xogo establecidas.
11. Cuidar e valorar o entorno no que se realizan as actividades físicas.
12. Valorar o corpo como medio para expresarse e relacionarse cos compañeiros e compañeiras.
13. Realizar movementos variados axustándose a diferentes ritmos.
14. Utilizar os recursos informáticos relacionados co área de Educación Física.
15. Coñecer as normas de tráfico básicas para os peatons e apreciar a importancia de respetarlas.

4.- COMPETENCIAS CLAVE

A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de Decembro, para a mellora da calidade educativa, en adiante LOMCE mantén as competencias como un elemento curricular, despois da integración das mesmas na LOE. Pero cambia algunha de elas.

A LOMCE considera que as competencias clave son as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada área.

O currículo oficial de Educación Primaria para Galicia, considera que as competencias clave son aquelas que todas as persoas necesitan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a súa cidadanía activa, a inclusión social e o emprego.

O área de Educación Física ten como finalidade principal a competencia motriz dos alumnos e das alumnas. A competencia motriz aínda non está considerada unha competencia clave, si que é fundamental para o desenvolvemento de estas. Se pode definir como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples interaccións que realiza o individuo co seu medio e co os demais, e que permite ao alumnado superar os diferentes problemas motrices propostos, tanto nas sesións de Educación Física como na súa vida cotiá.

As competencias se relacionan cos estándares e resultados de aprendizaxe evaluables, e cos contidos e os criterios de avaliación, como se describe na Orde ECD/65/2015, de 21 de Xaneiro. Nesta Orden nos requiren un deseño de actividades e de aprendizaxe integradas, que permitan avanzar cara o traballo de máis de unha competencia ao mesmo tempo. Ademais se describen as diferentes competencias clave, presento a continuación un breve resumo de cada unha de elas:

- Competencia en comunicación lingüística

É moi complexa, xa que ademais do coñecemento lingüístico, o individuo necesita activar o su coñecemento do compoñente pragmático-discursivo e socio-cultural. É un instrumento fundamental de socialización.

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predecir distintos fenómenos no seu contexto.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un acercamiento ao mundo físico e a interacción responsable con él. Inclúen aspectos medioambientales.

- Competencia dixital

É o conxunto de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nun entorno dixital.

- Competencia de aprender a aprender

Se caracteriza pola habilidade para iniciar, organizar, e persistir no aprendizaxe. Desemboca nun aprendizaxe cada vez máis eficaz e autónomo. A motivación e a confianza son cruciais para a adquisición desta competencia.

- Competencias sociais e cívicas

A competencia social se relaciona co benestar persoal e colectivo. Esixe entender o modo en que as persoas poden procurarse un estado de saúde física e mental óptima, tanto para eles mesmos como para as súas familias e entorno social.

A competencia cívica se basa no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xusticia, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civiles.

- Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Isto significa adquirir a conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios, con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

- Competencia de conciencia e expresións culturais

Implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, con unha actitude aberta e respetuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, e empregalas como unha fonte de enriquecemento e disfrute persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos. Valorar a liberdade de expresión e o dereito a diversidade cultural como parte de esta competencia.

5.-CONTIDOS

Os contidos de Educación Física están desenvolvidos para cada un dos cursos de Educación Primaria no Decreto 105/2014, de 4 de Setembro. Os agrupa en 6 bloques de contidos:

- Bloque 1: Contidos comúns.

É o bloque máis novedoso, xa que os outros 5 teñen características similares aos bloques do decreto 130/2007.

Os contidos de este bloque teñen natureza transversal. Trata aspectos como: Os valores que teñen por referente o corpo, o movemento e a relación co entorno, a educación viaria, a resolución de conflitos mediante o diálogo e a aceptación e as regras establecidas, o desenvolvemento da iniciativa individual e de hábitos de esforzo, as actitudes, a confianza, o uso adecuado de materiais e espazos e a integración das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

- Bloque 2: O corpo: imaxe e percepción

Toma de conciencia global e segmentaria do corpo estático e en movemento; os elementos orgánicos e funcionais do movemento: Tono, relaxación, respiración; e a percepción e estruturación espacial e temporal.

- Bloque 3: Habilidades motrices

Os contidos propios de este bloque serían os esquemas básicos de movemento: organizado e adaptado en función da tarefa; as habilidades motrices básicas: co corpo (desplazamento, saltos e xiros) ou con obxectos; e equilibrio estático, dinámico e con obxectos.

- Bloque 4: Actividades físicas artístico-expresivas

Contidos do ritmo como base temporal; o corpo como instrumento de expresión e comunicación: corpo, xesto e movemento; posibilidades expresivas asociadas ao movemento: mímica, danza e dramatización; execución de ritmos e bailes populares ou inventados.

- Bloque 5: Actividade física e saúde

O coidado do corpo: rutinas, normas e actividades; nocións básicas dos efectos da actividade física na saúde e calidade de vida; medidas de seguridade e prevención de accidentes na práctica da actividade física.

- Bloque 6: Os xogos e as actividades deportivas

Tipos de xogos e actividades deportivas: xogos e deportes galegos e populares; regulación do xogo: normas e regulamentos básicos; utilización de estratexias de cooperación, oposición e colaboración.

6.- AVALIACIÓN

A avaliación será un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto ao proceso de ensinanza-aprendizaxe. Polo tanto, non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, senon que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha parte, indicando qué obxectivos se consiguen e cales non, e, por outra, en qué grao de profundidade e ónde, cómo, cándo e por qué se producen os problemas ou erros.

Teremos en conta a nova **ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.**

a.- Criterios de avaliación.

- 1- Axustar os movementos corporais a diferentes cambios nas condicións dunha actividade, tales como a duración e o espazo onde se realiza.
- 2- Propoñer estruturas rítmicas sinxelas e reproducilas corporalmente ou con instrumentos.
- 3- Saltar coordinadamente batendo cunha ou as dúas pernas en función das características da acción que se vai realizar.
- 4- Desprazarse, en calquera tipo de xogo, mediante unha carreira coordinada con alternancia brazo-perna e un apoio axeitado e activo do pé.
- 5- Utilizar na actividade corporal a habilidade de xirar sobre o eixe lonxitudinal e transversal para aumentar a competencia motriz.
- 6- Lanzar cunha man un obxecto coñecido compoñendo un xesto coordinado (adiantar a perna contraria ao brazo de lanzar).
- 7- Anticiparse á traxectoria dun obxecto realizando os movementos axeitados para collelo ou golpealo.
- 8- Botar pelotas de xeito coordinado, alternativamente con ámbalas dúas mans, desprazándose por un espazo coñecido.
- 9- Ter incrementado globalmente as capacidades físicas básicas de acordo co momento de desenrolo motor, achegándose aos valores normais do grupo de idade no entorno de referencia.
- 10- Utilizar os recursos expresivos do corpo para comunicar ideas e sentimentos e representar personaxes ou historias reais e imaxinarias.
- 11- Participar nas actividades físicas axustando a súa actuación ao coñecemento das propias posibilidades e limitacións corporais e de movemento.
- 12- Sinalar algunhas das relacións que se establecen entre a práctica correcta e habitual do exercicio físico e a mellora da saúde individual e colectiva.
- 13- Colaborar activamente no desenrolo dos xogos de grupo, amosando unha actitude de aceptación cara os demais e de superación das pequenas frustracións que se poidan producir.
- 14- Respetar as normas establecidas nos xogos, recoñecendo a súa necesidade para unha correcta organización e desenrolo dos mesmos.
- 15- Identificar, como valores fundamentais dos xogos e a práctica de actividades de iniciación deportiva, o esforzo personal e as relacións que se establecen co grupo, dándolles máis importancia que a outros aspectos da competición.

b.- Estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis.

Os estándares e resultados de aprendizaxe avaliáveis concretan mediante a acción o que o alumnado debe saber e saber facer na área de Educación Física. Forman parte da avaliación do proceso de aprendizaxe, ao igual que os criterios de avaliación, pero supoñen un nivel de concreción maior.

Os estándares y resultados de aprendizaxe avaliáveis están determinados para toda a etapa de Educación Primaria de maneira prescriptiva no Real Decreto 126/2014, de 28 de Febreiro, polo que se establece o Currículo Básico da Educación Primaria.

O conxunto de estándares de aprendizaxe avaliáveis dun área, dará lugar ao seu perfil de área. Do mesmo modo o conxunto de estándares de aprendizaxe avaliáveis das diferentes áreas ou materias que se relacionan nunha mesma competencia, dará lugar ao perfil de esa competencia.

A avaliación do grado de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida que ser competente supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores para dar resposta as situacións planteadas, dotar de funcionalidade aos aprendizaxes e aplicar o que se aprende dende un plantexamento integrador.

No Decreto 105/2014, de 4 de setembro, temos os estándares de aprendizaxe de cada uno dos cursos de Educación Primaria.

c.- Funcións da avaliación. Momentos avaliativos.

A avaliación cumprirá as seguintes funcións:

- **Diagnóstico:** información sobre a marcha do desenrolo do currículo, os alumnos e o mestre.
- **Pronóstico:** avance de expectativas sobre o que pode ocorrer, para previr e solucionar problemas.
- **Adaptación:** acomodación dos diferentes métodos e recursos aos distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos/as, coa finalidade de personalizar ao máximo o proceso educativo.
- **Orientación:** guía, paso a paso, do camiño que se debe seguir en cada momento do desenrolo curricular.
- **Regulación:** Facilitación e armonización de elementos persoais, materiais e funcionais para garantir o grao de eficacia do desenrolo do currículo.
- **Control:** certificación da calidade e cantidade dos logros obtidos.

A avaliación será, segundo o momento no que sexa aplicada:

- **Avaliación inicial**, que facilita a valoración dos coñecementos previos, as capacidades e as actitudes do alumnado, co fin de axeitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.
- **Avaliación formativa continua**, que pretende coñecer se se van acadando os obxectivos propostos, cando aínda se pode intervir modificando o camiño para conseguilos.
- **Avaliación sumativa**, que estima os méritos ao remate do currículo, na que se valora, sobre todo, o dominio das capacidades adquiridas; é dicir, avaliación do resultado.

d.- Criterios de cualificación.

Con carácter xeral en todos os niveis utilizaremos os seguintes criterios:

- | | |
|---|-----|
| - Comprensión de conceptos e grao de adquisición das competencias básicas | 20% |
| - Capacidade de traballo e participación nas actividades | 20% |
| - Respeto á convivencia do grupo | 20% |
| - Hábitos hixiénicos | 20% |
| - Interese e esforzo | 20% |

7.- METODOLOXÍA

Tomando os bloques de contidos de Educación Física en Primaria, distribúense ao longo dos 3 ciclos, tendo en conta o momento do curso e a progresión natural das aprendizaxes.

Sinalar que decido tratar o bloque de xogos, non como bloque independente, senon como eixe de toda fundamentación pedagóxica da programación. Deste xeito, o contido do bloque Os Xogos estará presente en todas e cada unha das sesións, pois queda demostrado que o xogo resulta motivante, atractivo e divertido para os nenos/as, ademais de ser unha forma de aprendizaxe natural nos alumnos/as; e non só de aprendizaxes motores, senon tamén sociais, cognitivos e afectivos. Do mesmo xeito, o contido do bloque da Saude Corporal estará implícito en todas as sesións, favorecendo a adquisición de hábitos saudables.

Por outra parte, unha intervención educativa axeitada fai necesario que o mestre determine as posibilidades motrices, perceptivas, expresivas... dos alumnos para poder partir así do seu nivel de desenvolvemento. Para que a aprendizaxe sexa significativa cómpre seleccionar aprendizaxes que sexan claramente funcionais. Este requisito é imprescindible para a motivación, pois se as actividades non teñen un nivel de esixencia axeitado non resultarán atractivas para os alumnos/as, ben porque non supoñan un reto para eles ou ben porque as vexan imposibles de abordar.

En todo proceso de ensinanza-aprendizaxe a interacción cos outros será moi importante polo seu poder motivador, por favorecer valores como a cooperación, o respecto aos demais...

A **metodoloxía** aplicada nesta área terá en conta os seguintes **principios**:

- As sesións deben ser **flexibles**: as actividades axustaranse ao grupo clase, tendo en conta as características do alumnado e dos materiais. Non se farán distincións por razón de sexo ou condición física.
- As sesións deben ser **activas**: o alumnado é o protagonista da súa actividade física. As actividades non serán repetitivas e levarán ao alumno/a cara a consecución dos obxectivos propostos.
- As sesións serán **participativas**: Tentarase conseguir que todos os alumnos/as participen e se atopen a gusto coa actividade. Empregaranse materiais axeitados para o desenvolvemento dos aspectos a tratar.
- As sesións deben ser **lúdicas**. Partiremos do xogo e a través desta premisa iremos buscando a aprendizaxe concreta e máis técnica.

PAUTAS DE ACTUACIÓN

- Ao comezo de cada sesión, o mestre explicará detalladamente as actividades a realizar. Ao remate fará un breve resumo das actividades realizadas e pedirá aos nenos/as as súas impresións sobre o traballo realizado.
- O alumno/a non se limitará a realizar os exercicios propostos polo mestre senon que será imprescindible que comprenda o porqué e relacione eses exercicios cos seus coñecementos teóricos sobre o propio corpo, o seu funcionamento e as súas posibilidades.
- O mestre fará unha tarefa de dinamización e de información, axudando aos nenos/as a descubrir novas posibilidades de actividades físicas, garantindo sempre a seguridade física do alumnado.
- Nas sesións deberá haber interacción. Nas aprendizaxes motrices prodúcese a interacción do neno consigo mesmo, co entorno, cos compañeiros e co mestre. Potenciarase o traballo en equipo, nos que sempre que sexa posible estarán repartidos os alumnos do mesmo sexo (coeducación)
- As actividades propostas suporán un reto e un esforzo axeitado ás capacidades propias de cada alumno/a. A función do mestre será orientar, suxestionar, estimular, aportar ideas e controlar o desenvolvemento das actividades físicas, tendo en conta que o neno/a é o principal protagonista da súa propia actividade motriz. Ademais, o traballo suporá un esforzo progresivamente maior, axeitándonos continuamente ao grao de desenvolvemento dos nosos alumnos/as.
- Conxuntamente ao desenvolvemento das capacidades motrices do alumnado, desde a área de Educación Física debemos ensinalarlle a coidar a súa hixiene, a ter unha alimentación sana e equilibrada, a adoptar posturas corporais correctas e a adquirir bos hábitos deportivos.

- O espazo terá un papel importante na actividade motriz. O alumnado acostuma a identificar con esta actividade un espazo moi determinado. Na escola este espazo será o ximnasio, o patio ou o pavillón polideportivo. Tamén é importante levar a actividade motriz a outros espazos e lugares que, de cotío, non se identifiquen como específicos da área. O alumno/a deberá ter contacto coa natureza e aprender a respetala e a gozar dela, creando ao mesmo tempo hábitos de actividade física en lugares e medios diversos. Referíndonos á organización da clase, é importante evitar, na medida do posible, os tempos mortos e de espera. Cando se plantexen actividades que requiran esforzos, teremos que distribuir convenientemente o tempo de recuperación variando o tipo de actividade. Por outro lado, debemos garantir o coidado das instalacións, do material así como o respecto polo medio ambiente.
- Haberá instrucción directa, pero tentarase ir transformándoa noutra máis ao longo do curso e sempre que a natureza da tarefa e o sentido común así o indiquen (lembrems que traballaremos cun primeiro e segundo ciclo de Primaria).
- Débense traballar continuamente os temas transversais, especialmente a paz, a igualdade entre os sexos e, sobre todo, a saúde.
- Para conseguir a asimilación dos conceptos empregaremos o caderno do alumno de Educación Física. Esta utilización poderá ser antes de comezar as sesións de Educación Física e tamén aproveitando os días de choiva ou de condicións climatolóxicas adversas para profundizar nos contidos teóricos traballando na aula.

8.- ATENCIÓN AOS ALUMNOS CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO

Para atender convenientemente á diversidade de alumnos/as que nos atoparemos nas aulas, non debemos esquecer as características fisiolóxicas, morfofuncionais, de maduración... que podemos atoparnos. Logo de detectar nunha primeira exploración inicial as diferencias individuais, estas deberanse ter en conta no plantexamento das actividades.

Ao respecto desto teremos en conta as seguintes consideracións:

- As actividades serán na maioría das ocasións progresivas e con diferentes niveis de solución, de xeito que non obriguen ao alumno/a a afrontar riscos considerables.
- Partirán do global cara o específico, axeitando o criterio de diversidade ao de especialización.
- Terán posibilidade de adaptación para que poidan desenrolalas o maior número posible de alumnos/as sen que sexa necesaria a elaboración de ACIs.
- Non deben supoñer plantexamentos discriminatorios, pretendéndose a integración de todos os alumnos/as nos distintos grupos, así como a participación en grupos mixtos.

Para determinar as necesidades educativas especiais máis aparentes dos alumnos/as, será recabada información das familias a través dunha nota que se lles entregará ao inicio do curso. Da información obtida desa notificación irase precisando a información que nos permita axeitar o programa ás necesidades de cada neno/a. Ademais das aportacións do titor/a e orientadora se foran necesarias.

Consideraranse ademais diversas estratexias de reforzo para aqueles alumnos/as que presenten maiores dificultades de comprensión, execución e aprendizaxe:

- Atención individualizada tanto na información inicial como no coñecemento da execución e os resultados.
- Maior utilización de reforzos positivos.
- Colaboración entre os compañeiros do propio grupo.
- Facilitación de tarefas por medio de axudas verbais e táctiles.
- Utilización de materiais adaptados.
- Colaboración de monitor, mestre de pedagogía terapéutica...

O obxectivo último será proporcionar a cada alumno a resposta que necesita en función das súas necesidades e tamén das súas limitacións, tratando sempre de que esa resposta se alonxe o menos posible das que son comúns para todos os alumnos/as.

Os alumnos/as con necesidades educativas especiais beneficiaranse dun tratamento individualizado a través das seguintes adaptacións:

- Cambios metodolóxicos.
- Prioridade nalgúns obxectivos e contidos.
- Modificacións no tempo de consecución dos obxectivos.
- Adaptación de materiais.
- Adecuacións nos criterios de avaliación en función das súas dificultades específicas.

Resumindo, tomaremos como principios básicos os seguintes:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.
- Construír aprendizaxes significativas en base a unha dificultade óptima das tarefas.
- Lograr unha aprendizaxe autónoma.
- Desenvolver e modificar as capacidades e os esquemas de coñecemento.
- Lograr unha actividade intensa e participativa protagonizada polos alumnos e alumnas.
- Empregar un sistema de traballo lúdico, principalmente por medio de actividades en forma de xogo.

En función de todo o anterior, levarase á práctica unha metodoloxía activa que combine as actividades dirixidas con aquelas que permitan a exploración por parte do alumno/a e que ao mesmo tempo faga que o papel do mestre se atope entre o “modelo a seguir” e a “axuda-guía” que permita a experimentación por parte do alumnado.

9.- CONCRECIÓN PARA CADA UN DOS CURSOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

EDUCACIÓN FÍSICA 2º

A.- ESQUEMATIZACIÓN DA DOCENCIA PRÁCTICA

Cráterios de avaliación	Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temp. Ses.	Metodoloxía
B1.1. Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.	a c d k m	B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais. B1.2. Respecto e valoración das persoas que participan no xogo sen mostrar discriminacións de ningún tipo. B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.	Xogos motores e cooperativos.	6	Descubrimento guiado
B1.2. Buscar e presentar Información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	i	B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área. B1.5. Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.	Actividades lúdicas empregando as tic.	6	Descubrimento guiado
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo/a e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	a k l n	B1.6. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade. B1.7. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física. B1.8. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal. B1.9. Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns ou peoas, nas saídas polo contorno do	Xogos motores e actividades motrices. Sesións teóricas sobre o uso correcto dos materiais e os espazos na sesión de E.F. Aseo persoal despois da cada sesión de E.F. Saídas polo contorno do colexio, incidindo na seguridade.	6	Descubrimento guiado

Crterios de avaliación	Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temp. Ses.	Metodoloxía
		colexio.			
B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.	k m	B2.1. Aceptación da propia realidade corporal. B2.2. Conianza nun mesmo, aumento da autoestima e a autonomía persoal.	Xogos cooperativos. Fichas individuais	4	Descubrimento guiado
B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.	b k	B2.3. Estrutura corporal. Percepción, identificación e representación do propio corpo e das principais partes que interveñen no movemento (articulacións e segmentos corporais). B2.4. Experimentación e exploración de posturas corporais diferentes, a partir das posibilidades de movemento das distintas articulacións e segmentos corporais. B2.5. Vivencia da relaxación global como estado de quietude. Toma de conciencia da respiración e as súas fases. B2.6. Experimentación de situacións simples de equilibrio estático e dinámico sen obxectos, sobre bases estables, e portando obxectos. B2.7. Percepción espazo-temporal. Orientación do corpo e nocións topolóxicas básicas (dentro/fóra, arriba/abaixo, diante/detrás, preto/lonxe...). B2.8. Afirmación da lateralidade. Recoñecemento da dominancia lateral e da dereita e esquerda propias. B2.9. Posibilidades sensoriais (vista, oído, tacto). Experimentación, exploración e discriminación das sensacións.	Fichas teóricas sobre a estrutura e anatomía humana. Actividades de adopción de diferentes posturas corporais. Actividades de relaxación global e respiración. Adopción de posicións de equilibrio estático e dinámico sobre bases estables e portando obxectos. Xogos de equilibrio Actividades de orientación e percepción espazo-temporal. Fichas teóricas de lateralidade e dominancia lateral. Xogos onde predominen as nocións topolóxicas básicas. Xogos sensoriais	10	Descubrimento guiado Asignación de tarefas
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e	b j	B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices básicas: desprazamentos, xiros, saltos, suspensión,	Circuitos de habilidades motrices básicas onde predominen os desprazamentos, xiros, saltos e suspensión, lanzamentos e recepcións.	8	Descubrimento guiado Resolución de

Crterios de avaliación	Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temp. Ses.	Metodoloxía
combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	k	lanzamentos e recepcións. B3.2. Desenvolvemento e control da motricidade fina e a coordinación viso motora a través do manexo de obxectos. B3.3. Resolución de problemas motores sinxelos. B3.4. Acondicionamento físico xeral en situacións de xogo, especialmente mantemento e mellora da flexibilidade. B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as diferenzas no nivel de habilidade. B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos habituais.	Xogos de coordinación viso motora mediante o manexo de obxectos. Xogos motores		problemas
B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.	b d j k m o	B4.1. Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento. Sincronización do movemento con estruturas rítmicas sinxelas. Ritmos baseados na introdución de acentos nunha cadencia, ritmos baseados na duración dos intervalos (curtos ou longos). B4.2. Execución de bailes ou danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, asociando o movemento corporal ao ritmo. B4.3. Imitación de personaxes, obxectos e situacións. B4.4. Participación en situacións que supoñan comunicación corporal. Recoñecemento das diferenzas no modo de expresarse. B4.5. Desinhibición na exteriorización de emocións e	Actividades de expresión corporal. Bailes ou danzas representativas da cultura galega Imitacións de diferentes personaxes, obxectos e situacións.	7	Descubrimento guiado

Crterios de avaliación	Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temp. Ses.	Metodoloxía
		sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.			
B5.1. Coñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.	a b k	B5.1. Identificación e práctica de hábitos básicos de hixiene corporal (aseo, roupa e calzado), alimentarios e posturais, relacionados coa actividade física. B5.2. Relación da actividade física co benestar da persoa. B5.3. Mobilidade corporal orientada á saúde.	Aseo persoal despois da sesión ó longo do curso. Fichas teóricas e explicacións correspondentes sobre a importancia da actividade física e a saúde.	Ó longo do curso	Descubrimento guiado Asignación de tarefas.
B5.2. Coñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica da actividade física.	k	B5.4. Respecto das normas de uso de materiais e espazos na práctica de actividade física para evitar accidentes. B5.5. Respecto ás persoas que participan no xogo, sen mostrar discriminacións de ningún tipo.	Sesións teóricas sobre a importancia da seguridade na práctica de actividade física e o respecto ás persoas que participan no xogo.	Ó longo do curso	Descubrimento guiado
B6.1. Coñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.	a b k m	B6.1. Descubrimento da cooperación e a oposición con relación ás regras de xogo. Aceptación de distintos papeis no xogo. B6.2. Recoñecemento e aceptación das persoas que participan no xogo, aceptando o reto que supón opoñerse ao outro sen que iso derive en situacións de rivalidade ou menosprezo. B6.3. Comprensión das normas de xogo e cumprimento voluntario destas. B6.4. Confianza nas propias posibilidades e esforzo nos xogos, con aceptación das limitacións persoais.	Xogos regrados, con regras sinxelas. Iniciación a xogos de cooperación e oposición	9	Descubrimento guiado
B6.2. Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de	d k	B6.5. O xogo como actividade común a todas as culturas.	Xogos populares e tradicionais. Xogos libres e organizados.	8	Descubrimento guiado

Crterios de avaliación	Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temp. Ses.	Metodoloxía
Galicia.	m o	B6.6. Coñecemento e práctica dalgúns xogos de Galicia. Descubrimento de xogos interculturais. B6.7. Práctica de xogos libres e organizados.			
B6.3. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.	k l m o	B6.8. Xogos de aire libre no parque ou en contornos naturais próximos ao colexio. Exploración e gozo da motricidade ao aire libre, respectando a natureza.	Xogos na natureza e patio.	6	Descubrimento guiado

B.- ESQUEMATIZACIÓN DA AVALIACIÓN

Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. Clave	Mínimo exixible	Instrumento de Avaliación	Crterios de corrección
B1.1. Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.	EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios. EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase.	CSC CAA CSIEE CD CCL CAA CSC CSIEE CSC	Reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios. Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase.	Listas de control Rexistro anecdótico	Trátase de frases, series que expresan condutas positivas ou negativas dos alumnos/as nunha determinada actuación. Utilizan un xuízo simple: ou "SI" ou "NON", sen engadir matices de tipo cualitativo. Consiste nunha breve descripción dalgún comportamento que poidera parecer importante para a avaliación; anótanse diversos acontecementos que parecen significativos para o mestre. Atendendo a estas anotacións, o mestre interpreta e realiza un xuízo do

Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. Clave	Mínimo exixible	Instrumento de Avaliación	Crterios de corrección
	EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.	CAA CSIEE	Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.	Escala de verificación de comportamentos e actitudes	alumno/a. Úsanse normalmente escalas de 5-7 puntos, a máiss utilizada no sistema educativo é: 1 = moi deficiente; 2 = insuficiente; 3 = ben; 4 = moi ben; 5= excelente.
	EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.	CSC CAA CSIEE	Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.		
B1.2. Buscar e presentar Información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.	CD CAA CSIEE	Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.	Listas de control	Trátase de frases, series que expresan condutas positivas ou negativas dos alumnos/as nunha determinada actuación. Utilizan un xuízo simple: ou "SI" ou "NON", sen engadir matices de tipo cualitativo.
	EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.	CCL CD CAA	Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas.	Rexistro anecdótico	Anótanse diversos acontecementos que parecen significativos para o mestre. Atendendo a estas anotacións, o mestre interpreta e realiza un xuízo do alumno/a.
	EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	CCL CSC CD	Expón as súas ideas expresándose de forma correcta e respecta as opinións dos e das demais.	Escala de verificación de comportamentos e actitudes	Úsanse normalmente escalas de 5-7 puntos, a máiss utilizada no sistema educativo é: 1 = moi deficiente; 2 = insuficiente; 3 = ben; 4 = moi ben; 5= excelente.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable,	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	CSC CAA	Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia	Listas de control	Trátase de frases, series que expresan condutas positivas ou negativas dos alumnos/as nunha determinada

Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. Clave	Mínimo exixible	Instrumento de Avaliación	Crterios de corrección
respectándose a si mesmo/a e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.	CSIEE CSIEE CAA CCEC CSC	motriz. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.	Probos de execución (Circuito técnico)	actuación. Utilizan un xuízo simple: ou "SI" ou "NON", sen engadir matices de tipo cualitativo. Úsanse normalmente escalas de 5-7 puntos, a máiss utilizada no sistema educativo é: 1 = moi deficiente; 2 = insuficiente; 3 = ben; 4 = moi ben; 5= excelente.
	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	CSC CAA	Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	Listas de control	
	EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	CSC	Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	Rexistro de anécdotas	Trátase de frases, series que expresan condutas positivas ou negativas dos alumnos/as nunha determinada actuación. Utilizan un xuízo simple: ou "SI" ou "NON", sen engadir matices de tipo cualitativo.
	EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	CSC CAA	Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	Sociograma	Consiste nunha breve descripción dalgún comportamento que poidera parecer importante para a avaliación; anótanse diversos acontecementos que parecen significativos para o mestre. Atendendo a estas anotacións, o mestre interpreta e realiza un xuízo do alumno/a.

Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. Clave	Mínimo exixible	Instrumento de Avaliación	Crterios de corrección
B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.	EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.	CSC CAA	Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.	Listas de control	Trátase de frases, series que expresan condutas positivas ou negativas dos alumnos/as nunha determinada actuación. Utilizan un xuízo simple: ou "SI" ou "NON", sen engadir matices de tipo cualitativo.
